

Roteiros medioambientais GUIADOS: coñece o teu Concello e arredores.

Concellería de Educación (Soutomaior)

ROTEIRO “MUÍÑOS DO FOLÓN E DO PICÓN”

Patrimonial e interpretativa

DATA: DOMINGO 7 DE NOVEMBRO

HORARIO:

Saídas: 9.25 h Casa Concello Soutomaior

9.30 h Cruce de Pierres Arcade

Chegadas: 18.30 h Cruce de Pierres Arcade

18.35 h Casa do Concello

BREVE DESCRICIÓN:

Este roteiro percorre os 67 muíños hidráulicos do Folón e do Picón, no concello do Rosal. Declarados Ben de Interese Cultural (BIC) polos seus valores patrimoniais materiais e inmateriais, os muíños que compoñen este conxunto datan dos séculos XVII e XVIII. Neste roteiro circular descubriremos un rico patrimonio etnográfico, unha contorna natural de impresionantes vistas e unha paisaxe dominada polos contrastes da montaña e o val do Miño.

Este roteiro contará coa participación de Patricia Muñoz, guía oficial de Amodo turismo para descubrir; e contará con diversas paradas interpretativas nos puntos de maior interese patrimonial, natural e paisaxístico. Historia do lugar e da moenda. Funcionamento dos muíños: aspectos tanxibles (pezas, enxeños) e intanxibles (formas de propiedade, dereitos, etc.. Contorna natural. Adaptación dos muíños á paisaxe. Patrimonio cultural asociado aos muíños. Legado vivo: os últimos muiñeiros/as.

10:40 Recepción na área de recepción de visitantes (zona aparcamento e aseos) dos Muíños do Folón e do Picón.

10:45 Inicio da ruta guiada ao Ben de Interese Cultural (BIC) Muíños do Folón e do Picón.

12:00 (aprox.) Parada de descanso a metade de percorrido.

14:30 Xantar

17:00 Regreso Arcade - Soutomaior.

CARACTERÍSTICAS: Dificultade media- Percorrido maioritariamente por sendeiros e pistas de monte, con zonas de forte pendente, chan irregular (pedras, terra e desniveis) e chanzos de pedra. É un itinerario circular e sinalizado, homologado pola Federación Galega de Montañismo (PR-G 94 Muíños do Folón e do Picón).



Lonxitude: 3,5km, aprox.

Desnivel: 211 metros de subida/ 211 metros de baixada.

TEMPO ESTIMADO: medio día.

IDADES: todas. Ter en conta a tipoloxía da actividade.

INICIO: área de recepción dos Muíños do Folón e do Picón (zona aparcamento e aseos + merendeiro).

CUSTE: de balde.

DOCUMENTACIÓN: ficha de inscrición (xa enviada en liña).

INSCRICIÓNS: ATA 29 DE OUTUBRO EN LIÑA a través da web:

<https://www.gabinetesoutomaior.com/index.php/inscricions-menu/inscricions-en-lina>

Material recomendado para realizar a actividade:

- Roupa adecuada á meteoroloxía (ter en conta que haberá zonas de exposición ao vento, ao sol e que se vai á beira do río e pode haber zonas asolagadas).
- Calzado adecuado para camiñar, con sola forte e rugosa.
- Roupa axeitada ao día: chubasqueiro (se chove ou fai vento); pantalón cómodo, camiseta térmica (se fai frío)...
- É recomendable levar unha pequena mochila con auga para a camiñata, comida (para a parada de descanso a medio camiño) ou outras cousas que se consideren necesarias tendo en conta cada roteiro.
- XANTAR. Levar o xantar para comer no merendeiro (hai auga e baños). Ou senón tedes a opción de reservar previamente no restaurante a Casa da Pintura <https://goo.gl/maps/CWepkySR5uvQuoQj8>, que está a 10 minutos andando desde o merendero (quen opte por esta opción xa pode quedar ao finalizar o roteiro e logo aparecer no merendero na hora de saída).

- IMPORTANTE:** Recordamos que os/as guías son titulados/as e a actividade realizarase baixo unha póliza de R. Civil e accidentes derivados da organización do evento pero non dos accidentes provocados por outros motivos. Si se produce algún cambio na organización comunicarémolo o antes posible a cada participante.

Máis información na OMIX no teléfono 986 700 822 ou en educacion@soutomaior.com

OBSERVACIÓNS COVID-19: co fin de adaptarnos á normativa e facer a actividade máis segura durante a actividade teremos que levar a máscara posta cando non se poidan manter as distancias de seguridade establecidas.